

Á CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XUNTA DE GALICIA

**DECLARACIÓN E SOLICITUDES SOBRE A
PRAGA DA PULGUIÑA DO CARBALLO
“*Altica quercetorum* Foudr.”**

As entidades que subscriben:

Aquelas que figuran na listaxe anexa ó documento e das cales se xunta notificación de adhesión.

Manifestan:

- A importancia das frondosas autóctonas no sector forestal, afectando de xeito considerable tamén nos eidos económico e social da cidadanía do medio rural.
- Os beneficios que as masas de frondosas autóctonas teñen para o noso patrimonio natural e o medio ambiente.
- A necesidade de conservar e ampliar as masas existentes na actualidade.
- A fonda preocupación pola praga que está a afectar ós carballos nos últimos 15 anos, *Altica quercetorum*, e que supón unha mingua considerable nas masas de frondosas afectadas no territorio galego.
- O interese común do desenvolvemento sustentable no control e loita contra a pulguiña do carballo, co fin de restablecer os límites de poboación nos que os insectos deixen de constituír unha praga.
- A inquietude polas fumigacións con produtos químicos, que se levaron a cabo nos anos anteriores, co fin de controla-la praga, e a preocupación polo escaso resultado que están a ter na erradicación da praga, que segue a estenderse polos montes galegos.

Solicitan:

- Que se faga unha revisión da presenza da praga da pulguiña do carballo no territorio galego, elaborando, de ser o caso, unha nova orde de declaración da praga na que se inclúan tódolos concellos afectados.
- Que a Consellería do Medio Rural continúe a face-los traballos de prevención e loita contra a praga.
- Que estes traballos se enmarquen dentro do control integrado de pragas, utilizando métodos de loita biolóxica, evitando os tratamentos químicos e, en todo caso, descartando o uso de substancias que foran excluídas do Anexo I da *Directiva europea 91/414/CEE sobre substancias activas de produtos fitosanitarios*.

- Que a Consellería e os centros de investigación vinculados e/ou colaboradores coa mesma, realicen estudos de campo nas zonas afectadas, de cara á aplicación de métodos sustentables reais e eficaces no tempo.
- Que se actualice periodicamente a información acerca das enfermidades e pragas forestais e se divulgue de xeito accesible para a cidadanía. Tal e como se está a facer no eido agrícola, mediante boletíns de avisos e información, e outros medios que resulten axeitados.

Comprométense:

- A colaborar en manter actualizada a información sobre a presenza e afectación da praga.
- A facilita-la aplicación das accións de control necesarias nas masas forestais afectadas, segundo os medios de que dispoña cada entidade asinante.
- A manter informada de xeito efectivo á veciñanza sobre a praga e os tratamentos que se efectúen, así como os lugares e datas nos que terán lugar.

En Santiago de Compostela, a 12 de xaneiro de 2010

